

# EQUIPO DE NORMALIZACIÓN E DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA + PRETO DE NÓS

COÑECEMOS ÁS PERSOAS CREADORAS MÁIS CERCANAS  
CHARLAS - ENTREVISTAS - SINATURA DE OBRAS

NOVEMBRO

ALFREDO  
LÓPEZ

DECEMBRO  
REXINA  
VEGA

XANEIRO  
CAMIÑO  
NOIA

FEBREIRO  
LUIS  
CARUNCHO

MARZO  
FRAN  
ALONSO

ABRIL  
GONZALO  
NAVAZA

MAIO  
MARTA  
DACOSTA

XUÑO  
NACHO  
PÉREZ



Á nosa beira conviven persoas que desenvolven un importante labor artístico e literario a prol da normalización da nosa lingua e da nosa cultura. O Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística convidounas ao centro para que coñezamos de preto o seu traballo.

COÑECE E DIFUNDE A NOSA CULTURA

Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística

IES TERRA DE TURONIO

## A CULTURA MÁIS PRÓXIMA

## + PRETO DE NÓS

Comezou xa a serie de actos que o ENL programou para este curso con persoas que viven preto de nós e que teñen un importante labor creativo.

Abriu a quenda Alfredo López, investigador, debuxante, escritor e presidente da CEMMA (Coordinadora para o Estudo dos Mamíferos Mariños). O alumnado de 2º da ESO tivo a oportunidade de asistir a unha charla sobre a súa actividade e á presentación da súa última obra, a novela gráfica CABANA DE BALIEIROS. Asinou exemplares para a biblioteca e gravou unha entrevista en Radio Turonio.

E para despedir o 2011, a charla da escritora (e profesora do noso instituto este ano) Rexina Vega, para o alumnado de 4º ESO.

Ademais da charla, os nosos convidados/as asinan libros, gravan unha entrevista na Radio e documéntase graficamente e en vídeo a actividade. Unha nova proposta para poñer en valor a nosa cultura.

# Superturonio

Curso 2011-2012

Nadal 2011

## EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

### UN NOVO CURSO

Levamos xa un trimestre do curso e o Equipo de Normalización Lingüística aproveita o Nadal para achegarvos unha nova entrega do Superturonio con propostas de lecturas e agasallos para que estas festas sexan tamén proveitosas para a nosa cultura.

Aproveitamos para dar a coñecer as actividades programadas para este curso. Actividades que están condicionadas polos recortes que o ensino público está a sufrir. Este Equipo non ten a día de hoxe o orzamento que habitualmente a Secretaría Xeral de Política Lingüística destina ás actividades nos centros. Aínda así, programamos as actividades contando cos recursos do propio centro e tendo en conta que a normalización do noso idioma non pode depender das axudas que as institucións teñan a ben conceder.

Por iso, a túa colaboración é fundamental para que as nosas actividades teñan o maior eco e difusión.

**PARTICIPA E GOZA COA TÚA LINGUA !**

### O EQUIPO

Estes son os representantes do alumnado que forman parte do Equipo:



Isaac Araujo de 4º A, Sara Otero de 1º A, Lia Rodríguez de 2º C e Alba Lores de 3º B.

**Profesorado:** Javier Veiga, Ignacio Pérez, Begoña Fernández, Susana Franco, Santiago Veloso (Coordinador).

### ACTIVIDADES CURSO 2011-2012

- A CULTURA MÁIS PRÓXIMA + PRETO DE NÓS
- RADIO TURONIO
- XVIII PONTE...NAS ONDAS!
- CURTAMETRAXES DE VÍDEO
- CONCURSO DE AUTOCOLANTES
- ACTUACIÓN LETRAS GALEGAS
- CEIBES NO MONTE
- CONCURSO DE HAIKUS
- ACTUACIÓN NARRADOR ORAL
- PILING POLO GALIÑEIRO



## E NESTE NADAL, CONTA COAS OBRAS DOS QUE ESTÁN + PRETO DE NÓS



Lembra que, para coñecer a obra das persoas creadoras que viven preto de nós e que están a visitar o instituto, o Nadal é un bo momento para agasallar cunha obra súa. Ademais podes traela ao centro para que a asinen!



**Alfredo López**, coñecido como **Tokio** no mundo da ilustración, un dos debuxantes pioneiros da banda deseñada galega durante os anos oitenta, volta á novena arte cunha obra longa. Demo Editorial publica **CABANA DE BALIEIROS**, unha magnífica obra de intriga ambientada a comezos do século XIX nunha vila dedicada á caza de baleas na nosa costa. Uns debuxos prodixiosos fan desta novela gráfica unha das máis prazenteiras lecturas.

Unha nena medra xunto á súa anciá avoa mentres vai absorbendo todos os seus recordos: os do Vigo industrial de principios do século XX.

Unha saga completa palpita nas palabras desta nena que, xa adulta, evoca e calibra o peso que soporta e que ten a súa orixe nas ambigüidades e fraquezas que ocultou o manto da posguerra. Esta novela non se entretén nos feitos históricos, senón nos seus efectos na memoria e na mente das persoas que os viviron. E sorprenderá polo seu estilo ben cincelado, pola súa mestría sintáctica e por unha coherencia simbólica que impregna de poesía toda a obra. Con **Cardume**, **Rexina Vega** obtivo o premio Xerais de novela.



**Contos galegos da tradición oral** é unha grande recompilación de contos tradicionais das catro provincias galegas e das limitrofes de Oviedo e Zamora. Logo dun amplo estudo sobre o conto popular e tradicional, a súa orixe, características e presenza histórica, **Camiño Noia** analiza o conto popular en Galicia desde fins do XIX, cunha exhaustiva referencia ás coleccións publicadas. A continuación, reproducense e comentan centenaes de contos tradicionais, con indicación do informante, das outras versións coñecidas e da súa clasificación tipolóxica.



O disco do grupo que lidera **Luis Caruncho** é toda unha festa sonora cunha mensaxe moi clara a prol do noso idioma.

## + PRETO DE NÓS... TAMÉN NO NADAL !

Sara, unha muller que está farta dos ruidos da cidade, decide cambiar de estilo de vida. Un mozo vive obsesionado polas voces dos seus veciños, que lle impiden levar unha vida normal. Outra muller cítase nunha cafetería cun home ao que coñeceu a través de Internet. S. Lonely toma a decisión, por primeira vez na súa vida, de emprender unha pequena viaxe de vacacións para romper a rutina. Un escritor, que recibe correos dunha lista na que nunca se deu de alta, descobre a carga subversiva dos hoax, esas falsas cadeas que se envían a través do correo electrónico. Simultaneamente, diversos mails cruzan o ciberespazo deste libro singular. A última obra de **Fran Alonso**.



Gonzalo Navaza  
**Erros e Tánatos**




**ERROS E TÁNATOS** (1991) é o libro máis coñecido de Gonzalo Navaza. Un conxunto de relatos onde o autor xoga coa lingua transformando a forza do amor (EROS) nunha simple equivocación (ERROS). A morte (TÁNATOS) está presente na maioría dos relatos.

O desenlace sorprendente da maioría dos relatos enganchan ao lector ao longo de cada historia na espera do imprevisible. Ademais deste libro **Gonzalo Navaza** ten publicado outra interesante obra de poemas palíndromos titulado A TORRE DA DERROTA.

O último poemario de **Marta Dacosta**. Está recén publicado pola editorial Espiral Maior. Recollemos estas palabras do seu blog:

*“Cando era pequena, adoitaba pôrme á xanela da cociña subida enriba dun tallo. Pasaba horas e horas cantando, cantando naquela ventá que daba ao camiño. Hoxe, abro esta xanela para deixar nela as palabras que me van ocupando. Saúdovos e agardo que, de cando en vez, poida vervos pasar por este camiño. Para comezar vou pôr na ventá estes versos que escribí en outono.”*



Despois do seu primeiro libro, **Alba, unha aprendiz de meiga**, **Nacho Pérez**, o noso querido profesor do Instituto, publica **Carmen e a súa amiga Barbi**.

*Carmen ten dúas irmás, un pai, unha nai, moreas de amigos e amigas e dezasete barbis. Gústelle xogar coas súas bonecas, aínda que ultimamente as ten un pouco abandonadas. Deixar de lado os amigos -por moi de plástico que sexan- non é bo...*